


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

20-21 de decembro do 2025

IV DE ADVENTO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ

NADAL

4ª SEMANA DO ADVENTO



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ n° 38 **Que veña Deus á nosa terra**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza coa expresión dun desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Estamos xa na cuarta e última semana do tempo do Advento, tempo para prepararnos para o encontro co Deus que se fai NADAL.

Este ano está a acompañarnos este taboleiro no que amosamos que queremos chegar ao alto do Nadal.

É un camiñar de igrexa acolledora que vive con esperanza a chegada do Neno Xesús.

Esta cuarta e última semana xa nos mete plenamente no feito do Nadal. É como a porta de entrada no gran misterio do Deus feito Neno para vivir no medio de nós. María e Xosé foron quen de ser acolledores, vivamos nós esta celebración como a oportunidade de desfrutar deste agasallo de Deus e da vida.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Celebrante: *A coroa do advento segue animándonos a agardar ao Señor. Pouco a pouco fomos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

CANTO 🎵 *Que veña a luz...*

Alguén se achega á coroa do advento e lee

Monitor/a: Cando xa só queda unha vela por acender, pidamos luz para as persoas que camiñan na escuridade dunha vida sen ansias e sen nada novo polo que soñar e esforzarse.

Pidamos tamén hoxe a luz para nós, para os veciños e veciñas da parroquia que nos reunimos aquí cada semana, para os que dan e os que van á catequese, para os que están no grupo de caritas, para os que quixeron comprometerse no bautizo dos fillos, para os que se uniron en matrimonio, ...

Para todas as familias da nosa comunidade de Os Cotos, veña a luz de Deus connosco.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 *Que medre a luz...*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración pousando nas mans de Deus as nosas preocupacións e os nosos mellores desexos para este Nadal.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, enche coa túa graza os nosos corazóns.

Polo anuncio do anxo déchesnos a coñecer a encarnación do teu Fillo. Lévanos polo seu evanxeo e pola súa vida á gloria do seu Reino de xustiza e paz.

Pedímoscho por Xesucristo, que por Santa María e San Xosé se achega a nós e vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A resposta de fe de María fai que o plan de Deus se cumpra para todas as xentes: Xesús nace e ven a salvarnos. Xosé tamén acepta ese plan de Deus e colabora con El pondo da súa parte o que se lle pide.*

Nós, como María e Xosé temos que colaborar nese plan de Deus, sendo testemuñas e exemplo dun mundo novo, mellor e máis xusto no que todos teñamos sitio. Non é un soño, como o de Xosé, senón que, cos nosos pasos faise xa realidade. escoitémolo na promesa do profeta e no compromiso de María e Xosé.

No Leccionario I A páx 13 Is 7, 10-14 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Señor faloulle a Acáz nestes termos:

"Pide para ti un sinal de parte do Señor, o teu Deus, nas profundidades do Xeol ou arriba nas alturas".

Respondeu Acáz:

"Non o pido, pois non quero poñer a proba ao Señor".

Entón dixo Isaías:

"Escoitade vós, casa de David: Non vos é pouco dominar os homes, que aínda queredes dominar o meu Deus? Por isto, o meu Señor daravos El mesmo un sinal: Velaí a doncela: está en cinta e dá a luz un fillo, ao que lle pon de nome Deus-connosco.

Palabra do Señor

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

(en pé) *No Leccio I A páx 14* Mt 1, 18-24 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

O nacemento de Xesús Cristo foi así: María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo. Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en sonhos, dicíndolle:

- Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñerásle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de todos os seus pecados.

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixerá o Señor por boca do profeta:

Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo, e poñeránlle de nome Emmanuel (que quere dicir "Deus connosco").

Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo a súa prometida.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón.



A primeira semana do advento díxonos **ESPERTA** e mantente vixiante porque Xesús achégase e chegará. A segunda díxonos **PONTE EN CAMIÑO** porque hai cousas que teñen que cambiar.

A terceira semana díxonos **FAI O BEN**, aconsellounos que nos deixáramos de palabras e que fixeramos ben con esperanza, con constancia e con coherencia.

Esta cuarta e última semana proponnos (Alguén se achega e retira do taboleiro o cartel que di 4ª semana do advento)

VAI A MARÍA

Esta última semana achéganos a María e a Xosé, unha parella de namorados que esperan a vida do seu Fillo confiando en Deus. Xosé e María son as primeiras vidas que acolleron ao Cristo que hoxe nos ten nas súas mans.

Velaquí o que hoxe nos propón este advento:

* vai a María e a Xosé e acolle e agarima porque son demasiadas as vidas que se senten desarroupadas. Que o Nadal sexa realidade e non un soño.

* vai a María e a Xosé para ter a Cristo facéndose Nadal no que sofre, no que espera paz e refuxio, na que merece dignidade e non violencia, na que soña coa vida que leva no seu seo, no pobo que desexa vivir en paz, ...

* vai a María e a Xosé e deixa que Xesús pouse a súa vida entre nós.

É camiño ao Nadal **VAI A MARÍA**

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus que ven ao noso encontro, queremos dar un paso máis para facer ben camiño ao Nadal. Ti Señor disnos “vai a María” e nós dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai

que acompaña os nosos camiños na procura da dignidade para con todas as persoas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós, que nos quere acolléndoo porque ven para salvar, para alegrar, para agasallar coa súa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos no Espírito Santo,

que alenta a abrir os ollos e dar unha man para facelo mellor con quen necesita ser tratado con respecto e agarimo, como fixeron Xosé e María con Xesús?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos na Igrexa,

comunidade que queremos seguir facendo o camiño que nos leva do advento ao Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Oremos ao Señor, noso Deus, quen espera nel non queda defraudado, cambia, e quere facelo mellor. Con este desexo rezamos dicindo:

Queremos ser acolledores, Señor

Monitor/a

✓ Acollemos cando rezamos con todos os homes e mulleres cristiás, descubrindo no medio de nós ao Mesías esperado por todos os pobos. Oremos

✓ Acollemos cando rezamos cos veciños da parroquia achegándonos ás persoas máis esquecidas e enfermas. Oremos

✓ Acollemos cando rezamos como familia desexando que estes días sexan o alento que nos axude a vivir o Nadal que peta xa na porta. Oremos

✓ Acollemos e rezamos con todas as parroquias e pobos camiñando cara o Nadal coas mans abertas da paz. Oremos

✓ Acollemos e rezamos finalmente coa xente que xa non soña nada bo, e xa perdeu as ilusións, rezamos desexando ser fe crible á súa beira. Oremos

Celebrante: Así queremos camiñar e facer camiños para a vida Señor. Que nunca nos falten as ansias de soñar e as ilusións de dar unha man para vivir mellores tempos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Deus xa está moi cerca. Cerca das persoas que procuran paz, cerca das que soñan con tempos mellores, cerca das que lembran o pasado e se ilusionan co futuro.

Deus camiña da man de quen é acolledor, como o foron María e Xosé. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: Os nosos camiños falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola dignidade de todos. Que Xesús nos alente nos nosos soños acolledores mellorando na paz camiño do seu Nadal á nosa beira. Coma irmáns, con María e Xosé soñamos paz entre nós e para todos.

🎵 **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa de parroquia é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos atentos e acolledores facéndolle sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ *Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, volve para nós os teus ollos compasivos. Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar as vindeiras festas do Nadal coa mesma ilusión e esperanza que mostraron Santa María e San Xosé esperando no seu Fillo Xesús.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Vivir advento é, con María e Xosé, esperar con ilusión a chegada do Deus-Neno.

A nosa celebración de advento é acoller a boa nova dun Deus que se achega porque quere ter parte á nosa beira. Non lle podemos pedir máis.

A nosa celebración ten que ser tamén vivir como verdadeiros cristiáns no noso fogar e na nosa parroquia. Por iso cada quen pode levar a parte de hoxe, para seguir completando a árbore de Nadal deste ano. Levemos a última peza do advento que nos di

VAI A MARÍA

(Repartimos esta parte do camiño para levalo para a casa)



Recordatorios:

- * Avisamos das visitas de Nadal a todas as persoas que por idade ou saúde xa non participan das celebracións da parroquia. Avisar e os párrocos iremos gustosos.
- * O SÁBADO ás sete da tarde concerto de nadal de bandas de música na igrexa de Fornelos.
- * O concerto de panxoliñas cambia de data. Aínda esta por confirmar pero é probable que sexa o domingo 4 de xaneiro. Farase saber.

Avísase das misas (ver folla do mes)

♪ *Que veña Deus á nosa terra*

***Que teñamos unha BOA NOITE BOA,
un MOI BO DÍA DE NADAL***

***e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus***